

Cédula do 18 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se notifica acordo de incoación do expediente sancionador por infracción urbanística moi grave 107 C 2006/16-0, devolta polo servizo de correos por resultar o destinatario ausente na repartición.

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificáse a Carmen Pascual Ulloa e a Jorge Paredes Insua os datos do acordo da Dirección Xeral de Urbanismo do 16 de xuño de 2006, ditado no seguinte expediente sancionador.

Expediente: 107 C 2006/16-0.

Denunciados: Carmen Pascual Ulloa.

Condición: autora do proxecto e directora das obras.

Jorge Paredes Insua.

Condición: director das obras.

Último enderezo coñecido: praza de Liáns, portal 4-3º, Santa Cruz, 15179 Oleiros (A Coruña).

Feitos: obras de construción de edificio de vivendas sen licenza e sen autorización autonómica previa.

Lugar: O Allo.

Municipio: Zas.

Contido da parte dispositiva do acordo de incoación: 1º Incoar expediente sancionador a José Rodríguez Moreira, como promotor das obras e a Carmen Pascual Ulloa, como técnica redactora do proxecto e técnica directora das obras, e Jorge Paredes Insua como técnico director das obras, como presuntos responsables da comisión dunha infracción urbanística moi grave, consistente na realización de obras e actividades en solo rústico prohibidas pola Lei 9/2002. 2º Nomear instrutora do expediente sancionador a Pilar Díaz Herrera, funcionaria da Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes; os interesados poderán promover recusación en calquera momento da tramitación do expediente, expresando a causa ou causas en que se funde, de conformidade co disposto polos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro). 3º Notificarlles presente resolución aos interesados, que disporán dun prazo de 15 días para tomar audiencia e vista do expediente e presentar ante a instrutora (Dirección Xeral de Urbanismo, sita en San Caetano, Santiago de Compostela, en horario de oficina) cantas alegacións, documentos ou informacións consideren convenientes e, se é o caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valer, de conformidade co disposto polo artigo 16 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto. 4º Advertir os interesados, de conformidade co artigo 13.2º do Real decreto 1398/1993, que no suposto de non efectuar

alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo dos 15 días anteriormente indicado, este acordo de iniciación poderá ser considerado proposta de resolución, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do citado real decreto.

Para estes efectos, ponse de manifesto o procedemento, estando á súa disposición o expediente nas dependencias da Dirección Xeral de Urbanismo, sita no edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

Para que conste, e lle sirva de notificación ao citado denunciado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2006.

Ramón Saúl Lueje Espina
Director xeral de Urbanismo

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 17 de abril de 2006 pola que se recoñecen os contrastes de garantía da Imprensa Nacional-Casa da Moeda, S.A. na Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data do 2 de febreiro de 2005 e nº de rexistro de entrada 1904 da Consellería de Innovación e Industria, António Braz Teixeira, no nome e representación da empresa *Imprensa Nacional-Casa da Moeda, S.A.* con enderezo na avenida António José de Almeida 1000-042 Lisboa, na súa calidade de presidente do Consello de Administración, solicita o recoñecemento da equivalencia da información das marcas de contrastación oficiais portuguesas (toques de garantía de 999, 950, 900 e 850 milésimas para o platino, 999, 916, 750, 585 e 375 milésimas para o ouro e 999, 925 e 800 milésimas para a prata) e das súas condicións de análise e de marcación independente das súas contrastarías de Lisboa e de Porto, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Con data do 11 de outubro de 2005 requiríuse a documentación necesaria para demostrar a capacidade técnica e humana da *Imprensa Nacional-Casa da Moeda, S.A.* e as boas prácticas na contrastación e análise dos metais preciosos.

Terceiro.-Con datas do 22 de novembro de 2005 e 11 de xaneiro de 2006 inspeccionáronse as instalacións que a *Imprensa Nacional-Casa da Moeda, S.A.* ten en Lisboa e Porto, así mesmo a súa delegación de Gondomar, coa finalidade de comprobar a adecuación das súas instalacións e equipamento para o desenvolvemento destas tarefas.

Cuarto.-O Laboratorio Oficial de Contrastación de Metais Preciosos de Galicia (en adiante LOMPG) está adscrito á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia a través da Subdirección Xeral de Administración Industrial, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, segundo Decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria.

O laboratorio ten concedida a acreditación ENAC nº 292/LE647, segundo os criterios recollidos na norma UNE-EN ISO/IEC 17025, para a realización dos seguintes ensaios en obxectos fabricados con metais preciosos:

-Determinación de ouro nas aliaxes de ouro para xoiaría. Método de copelación.

-Determinación de prata nas aliaxes de prata para xoiaría. Método volumétrico utilizando bromuro de potasio.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Consellería de Innovación e Industria é competente para resolver, de acordo ao establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, que acorda o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria e se distribúe a competencia para o exercicio da potestade sancionadora entre os seus órganos.

Segundo.-O artigo 13.2º da Lei 17/1985, do 1 de xullo, pola que se regula a fabricación, tráfico e comercialización de metais preciosos, redactado pola disposición adicional trixésimo quinta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece os requisitos exixibles para a comercialización en territorio español de obxectos fabricados con metais preciosos procedentes doutros estados membros da Unión Europea.

De conformidade co referido precepto, o contraste de identificación de orixe deberá ter sido rexistrado polo órgano correspondente do Estado membro de procedencia, o que se acreditará ante o órgano competente dunha comunidade autónoma con carácter previo á comercialización por primeira vez en territorio español dos obxectos que posúan o correspondente contraste de identificación de orixe.

Pola súa banda, o contraste de garantía que ofrecerá unha información equivalente á exixida pola Lei 17/1985 a tales contrastes, deberá ter sido realizado por un organismo independente ou, de ser o caso, por un laboratorio suxeito ao control da Administración pública ou dun organismo independente dun Estado membro; sendo necesario que estes organismos independentes ou laboratorios sexan recoñecidos polo órgano competente dunha comunidade

autónoma con carácter previo á comercialización por primeira vez en territorio español dos obxectos que posúan o correspondente contraste de garantía efectuado por un de tales organismos independentes ou laboratorios.

Vistos os referidos preceptos, así como o regulamento da antedita lei, aprobado por Real decreto 197/1988, do 22 de febreiro, e demais normativa de aplicación, o conselleiro de Innovación e Industria, no exercicio das competencias que ten atribuídas,

RESOLVE:

Recoñecer as contrastarías de Lisboa e de Porto do Departamento de Contrastarías de Lisboa e de Porto da *Imprensa Nacional-Casa da Moeda S.A. (IMCM, S.A.)* como laboratorios sometidos ao control da Administración pública portuguesa, para efectos da comercialización en territorio español de obxectos fabricados con metais preciosos procedentes do referido Estado membro da Unión Europea, conforme o previsto no artigo 13.2º da Lei 17/1985, do 1 de xullo, para as marcas de garantía de toque que a continuación se describen, xunto coa súa equivalencia cos contrastes de garantía a que se refire o regulamento aprobado por Real decreto 197/1988, do 22 de febreiro (anexo II).

Este recoñecemento baséase no contido informativo das marcas de garantía de toque correspondentes ao ouro e á prata referidos e equivalentes ás marcas dos punzóns de garantía establecidos na Lei 17/1988. Quedan excluídos do presente recoñecemento os toques de garantía correspondentes ao platino para os que non foi posible comprobar a adecuación da súa aplicación posto que non se considera no alcance da acreditación do LOMPG.

O contido e alcance desta resolución está suxeita ás condicións seguintes:

Primeiro.-Este recoñecemento será válido mentres non se alteren as condicións en que esta declaración se concedeu. Os laboratorios oficiais de contrastación de metais preciosos de Lisboa e de Porto deberán comunicar calquera alteración das condicións referidas. Podendo dar esta nova situación orixe a unha nova declaración.

Segundo.-Este recoñecemento é válido por un período de 3 anos, a partir da data da notificación desta resolución, podendo ser suspendida ou revogada pola Consellería de Innovación e Industria, ou mentres non sexa de aplicación un acordo entre os dous estados sobre condicións de recoñecemento mutuo de contrastes de obxectos fabricados con metais preciosos.

Terceiro.-Os obxectos fabricados con metais preciosos aos que se refire a presente resolución quedarán sometidos a todas as restricións xerais contidas no anexo I ao recoñecemento da marca de garantía de toque.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido no artigo 116.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ao amparo do disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente.

Desta resolución, e para os efectos procedentes, notifícasele á *Imprensa Nacional-Casa da Moeda, S.A.* sita na avenida Antón José de Almeida 1000-042 Lisboa, DOG, BOE e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sito no Paseo de la Castellana nº 160, Madrid.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2006.

P.D. (Orde 31-1-2006; DOG nº 24, do 3 de febreiro)

Emilio Nogueira Moure

Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria

ANEXO I

Restricións xerais

1.1. Para a soldadura en obxectos de ouro empregaranse aliaxes de ouro da mesma lei que tales obxectos.

1.2. Non obstante para os obxectos de ouro en filigrana, así como para as caixas de reloxo, de lei 750 milésimas, admitiranse para soldaduras aliaxes de 740 milésimas de ouro.

1.3. Para a soldadura en obxectos de ouro branco as aliaxes conterán como mínimo 500 milésimas de ouro.

2.1. Para a soldadura en obxectos de prata de lei 925 milésimas, admitiranse aliaxes con contido mínimo de 635 milésimas de prata, sempre que non se altere a lei no conxunto da peza.

2.2. Para a soldadura en obxectos de prata de lei 800 milésimas, admitiranse soldaduras cun contido mínimo de 550 milésimas de prata, coa mesma excepción anterior.

3. As soldaduras con metais que non sexan preciosos soamente poderán empregarse naqueles casos nos que, tecnicamente e pola índole especial da obra que se vaia realizar, sexa imposible utilizar as de metais preciosos, como en ancoraxes de pezas esmaltadas, fixación de cristais-espellos, mangaduras de coitelos e análogos.

4.1. Nos obxectos de metais preciosos poderán ensamblarse metais industriais cando sexa tecnicamente necesario e concretamente en:

a) Follas de coitelos e partes dianteiras de garfos e culleres de cubertaría.

b) Mecanismos de reloxaía, obxectos de escritorio, mecanismos de chisqueiros e outros artigos similares.

c) Dispositivos de peche, pasadores, bisagras e pezas análogas.

4.2. Estes obxectos deberán ser contrastados na parte ou partes de metal precioso.

4.3. As partes de metal precioso deberán distinguirse facilmente pola súa aparencia das de metais industriais ou levar gravado visiblemente o contraste «metal», ou a súa abreviatura «mtl», cando sexa tecnicamente posible.

4.4. En ningún caso estas partes metálicas se soldarán aos metais preciosos, debendo engadirse mecanicamente a estes.

4.5. Tampouco poderán empregarse para aumentar o peso ou reencher un obxecto de metal precioso.

5.1. Acéptase o uso de materiais non metálicos, tales como xeso, masilla e materiais plásticos ou similares, ou de chumbo, coa finalidade de materializar unións ou de conferir estabilidade en obxectos fabricados con metais preciosos e concretamente para:

a) Engadir pezas de metais industriais a outras de metais preciosos.

b) Reencher fondos de vasillas, candelabros ou similares para conferirlles estabilidade.

c) Reencher mangos de cubertaría.

5.2. Os materiais non metálicos non deberán colorearse nin recubrirse para darlles a aparencia de metais preciosos.

5.3. Se estes materiais se cobren cunha chapa metálica, deberá esta levar gravada a palabra «metal», ou a súa abreviatura «mtl».

















6.1. Non se poderán fabricar obxectos que incorporen diferentes metais preciosos a menos que para cada un deles se cumpran os presentes requisitos xerais e sexan contrastados separadamente.

6.2. Non obstante o anterior, exceptúanse os seguintes casos:

a) As partes en platino admítense para os artigos nos que o peso das partes en ouro represente máis do 50 por 100 do peso de todas as partes metálicas, coa condición de que tales artigos se marquen coa lei do ouro na parte de ouro, cos punzóns regulamentarios.

b) As partes en ouro ou en platino admítense para os artigos nos que o peso das partes en prata representa máis do 50 por 100 do peso de todas as partes metálicas, coa condición de que tales artigos sexan marcados coa lei de prata, na parte de prata, cos punzóns regulamentarios.

ANEXO II

<u>Metal / Lei (milésimas)</u>	<u>Toque de garantía de Lisboa e de Porto</u>	<u>Contraste de garantía</u>
Ouro / 999		
Ouro / 916		
Ouro / 750		
Ouro / 585		
Ouro / 375		
Prata / 999		
Prata / 925		
Prata / 800		

Resolución do 8 de xuño de 2006, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/112-2, 6735 A.T.).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro 4, 27002 Lugo.

Denominación: reelectrificación de Lobamorta e Casaldares.

Situación: Ourol.

Características técnicas:

-L.M.T.S. a 20 kV con orixe no paso aéreo a subterráneo da L.M.T. de centrais e final no C.T.C. do Ourol en condutor R.H.Z.-150, cunha lonxitude de 80 m.

-C.T. en edificio non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

-R.B.T.A. de Lobamorta e Casaldares, con orixe no C.T. de Ourol cunha lonxitude de 2.020 m en condutor tipo R.Z. tensado sobre apoios de formigón e de madeira.